



A actual presidenta da Cámara, acompañada polos integrantes da Mesa e da Xunta de Portavoces, ofrece un xantar na honra dos seus antecesores

O Parlamento de Galicia homenaxea os ex presidentes da Cámara e reconece a súa contribución ao desenvolvemento da Comunidade

- Con este acto, Pilar Rojo tamén quere escenificar a súa aposta polo consenso como ferramenta política
- “Fago votos por un xeito nobre de facer política, articulado desde o sosego, as boas maneiras e a mellor predisposición para acadar acordos construtivos que beneficien a todos os galegos”, afirma Rojo Noguera

Santiago, 1 de decembro de 2009.- O Parlamento de Galicia rendeu hoxe homenaxe a tres ex presidentes da Cámara – Victorino Núñez Rodríguez, José María García Leira e Dolores Villarino Santiago- como sinal de recoñecemento á contribución prestada no desenvolvemento da Comunidade Autónoma.

A iniciativa partiu da actual presidenta da Cámara, Pilar Rojo Noguera, que quixo estar acompañada neste acto polos deputados que integran a Mesa e a Xunta de Portavoces do Parlamento de Galicia nesta VIII lexislatura.

Os homenaxeados asinaron no Libro de ouro do Parlamento de Galicia antes de tomar parte nun xantar privado ofrecido pola Cámara.

Con este acto, Pilar Rojo busca transmitir o agradecemento do conxunto da Cámara polo traballo desenvolvido polos seus antecesores nas lexislaturas precedentes, ao tempo que quere escenificar a súa aposta polo consenso como ferramenta política.

O primeiro presidente do Parlamento de Galicia, Antonio Rosón Pérez, falecido en 1986, tamén foi recordado no acto de hoxe.

O seu substituto, Tomás Pérez Vidal, non puido participar no acto por problemas de axenda, debido a compromisos ineludibles.

Facer política desde a nobreza

“Ao recibilos oficialmente nesta casa, a Cámara expresa a súa gratitude ao traballo e ao esforzo realizado por cada un dos meus antecesores, que deron o mellor de si no exercicio da Presidencia do Parlamento de Galicia en beneficio do interese supremo desta terra. E ante eles fago votos por potenciar un xeito nobre de facer política, articulado desde o sosego, as boas maneiras e a mellor predisposición para acadar acordos construtivos que beneficien a todos os galegos”, afirmou Pilar Rojo.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.